

**CENTRO DE ESTUDOS GALEGOS
NA UNIVERSIDADE DE ZADAR**

**MEMORIA DE
ACTIVIDADES DO CURSO
2022/2023**

Visto e prace

En Zadar a 20 de novembro de 2023.



**XUNTA
DE GALICIA**



Sveučilište u Zadru
Universitas Studiorum
Jadertina | 1396 | 2002 |

1. Actividade docente

No ano académico 2022/23, o lectorado de Zadar non contou con lector por non ter solicitantes, tal e como se expuxo na resolución definitiva da convocatoria pública de bolsas de formación nos lectorados de lingua, literatura e cultura galegas para o 2022, anunciada a través da Orde do 13 de xuño de 2022 (código de procedemento PL500E).

Ó non termos lector, non podemos ofrecer información da actividade docente debido a que non se imparten clases de galego.

2. Actividades de promoción e divulgación da lingua, literatura e cultura galega de 2023 e outros acontecementos destacados

Malia non ter lector este ano e, polo tanto, tampouco estudantes de galego; neste curso mantivémo-la presenza do galego nas actividades culturais e xornadas que se organizaron na Universidade de Zadar. Ademais, o galego segue presente en diversos proxectos de investigación grazas á colaboración coa Universidade de Zadar e o Departamento de Hispanística e Estudos Ibéricos.

Defensa da primeira tese de doutoramento en galego (23 de abril de 2023)

O ex-lector e agora profesor e responsable do CEG da Universidade de Zadar, Alejandro Martínez Vicente, defendeu a primeira tese sobre lingüística galega e en galego en Croacia baixo o título «Colocacións co verbo soporte *dar* en galego e español mailos seus equivalentes en lingua croata» e que recibiu a nota SUMMA CUM LAUDE a máis alta que outorga o sistema. Dito acontecemento tivo eco na prensa galega e noutras publicacións e deu a coñecer máis o traballo que se leva a cabo no CEG na Universidade de Zadar.

Seminario de tradución na illa de Pašman (5-8 de maio de 2023)

Obradoiro de tradución poética entre o galego e o croata mailo catalán na illa de Pašman, coa participación da escritora Berta Dávila, o tradutor e poeta Isaac Xubín e Alejandro Martínez Vicente (responsable do CEG). Xunto a eles, entre outros, estiveron tamén escritores, tradutores e lectores de catalán e croata. Co resultado do obradoiro farase unha publicación das escolmas poéticas de cada autor e as súas traducións. Sairá ó prelo baixo o servizo de publicacións da Universidade.

Visita do escritor Isaac Xubín (9 de maio de 2023)

Recibímo-la visita do tradutor e escritor Isaac Xubín quen ofreceu á comunidade universitaria unha charla sobre cultura, literatura e tradución galegas. A súa conferencia titulouse «Construíndo pirámides, unha visión persoal sobre o proceso de aprendizaxe dunha lingua».

Letras galegas 2023 (maio de 2023)

Como é habitual cada ano, promovemos tanto o Día das Letras Galegas como o persoeiro homenaxeado, este ano tivemos unha conferencia-exposición e un taller co alumnado.

Durante o mes de maio, houbo unha exposición sobre Francisco Fernández del Riego, o autor homenaxeado polo día das letras galegas 2023, acompañada dun relatorio o día 16 de maio sobre este. Tamén, no mesmo día, organizouse un taller co obxectivo de dar a coñece-lo Día das Letras galegas e a obra doutros autores homenaxeados.

Ó non dispor de alumnado nin de lector, as actividades foron impartidas polo responsable do CEG, Alejandro Martínez Vicente.

Proxectos de investigación: *Metafras e Refranero Multilingüe* (ano académico 2022/23)

Dende o 2021 o responsable do CEG colabora coa parte galega do proxecto *Refranero Multilingüe* dentro do Instituto Cervantes e baixo a coordinación de Julia Sevilla Muñoz. Dende o curso pasado, ademais, tamén colabora na parte galega e croata da *iniciativa Metafras* dentro do proxecto de *Fraseoloxía Galega* do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.

Maratón poético (xuño de 2023).

O responsable do CEG maila ex-estudante de galego Barbara Maškarin participaron no acto cultural Millenium stih – poetski maraton „Riječi iznad svega“. Este acto consiste en traducir poemas dos autores invitados ou homenaxeados do croata a diversas linguas para logo ser recitados nun acto público e ser publicados nunha antoloxía que sairá á luz en 2024. Os devanditos participantes traduciron e recitaron poemas croatas traducidos ó galego.